



MEDIDAS RELACIONADOS COA INDUSTRIA E O POLÍGONO DA PICUSA

Dona Teresa Rey Pazos, Concelleira do Grupo Mixto por Veciños de Padrón, presenta para ser tratada e votada no Pleno Ordinario da Corporación, do mes de marzo, a seguinte **MOCIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Por todos os grupos políticos é coñecida a preocupación pola contaminación ambiental das veciñas e veciños que viven nas zonas limítrofes ao polígono da Picusa onde se sitúa unha industria altamente contaminante como é unha planta de PVC, de brillo químico e de tratamento da pel.

Para Veciños de Padrón, o feito de que unha industria deste tipo sitúese no medio dunha zona residencial é algo o suficientemente grave como para requirir de medidas que poñan fin a esta situación de finitivamente e non só de pequenos remendos.

No Pleno de xaneiro explicamos que o chan onde se sitúa este polígono ten un uso urbano industrial e que na normativa vixente non se recolle que categorías están permitidas ou prohibidas para o mesmo. En consecuencia, este tipo de industria altamente contaminante establécese nunha zona residencial, cando non debería de ser así.

En Veciños de Padrón consideramos inxusto outro tipo de medidas como obrigar á persoa propietaria a demoler estas edificacións ou a pechar a súa actividade porque entendemos e presupoñemos que conta cos permisos pertinentes tanto para a construción das edificacións como para o desenvolvemento da actividade, por iso falamos nesta moción de establecer medidas a longo prazo pero de finitivas.

Pero tampouco temos a menor dúbida de que este tipo de industria debe situarse o máis lonxe posible das zonas urbanas e por iso consideramos que é preciso tomar medidas encamiñadas a este obxectivo.

Por todo o anteriormente exposto e para que este tipo de industria altamente contaminante deixe de establecerse en zonas residenciais propoñemos os seguintes **ACORDOS**:

1.- Que se tomen as medidas oportunas para declarar no Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) como usos do chan prohibidos no Polígono da Picusa: a elaboracións, procesos industriais e actividades de características incompatibles co medio residencial polas súas condicións de molestia, insalubridade ou medios de transporte e manipulación presisos, incluíndose, polo mesmo, os grandes depósitos de almacenaxe, envasado e movementos de produtos a grande escala; entendéndose tamén a exclusión de mediana e gran industria, en xeral, e en concreto de aquela que polo elevado grado de nocividade ou perigosidade resulten incompatibles coas áreas urbanas.

2.- Que se estableza no PXOM que as edificacións, construcións e instalacións nas que se desenvolven actividades altamente contaminantes ou que concorden cos usos indicados e solicitados como prohibidos no apartado anterior, só poderán realizar obras de conservación e mantemento do uso preexistente e que en consecuencia non poderán realizar obras ampliación algunha, en virtude do artigo 90.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia e do artigo 205.2 do seu Regulamento aprobado polo Decreto 143/2016, do 22 de setembro.

3.- Que no próximo PXOM se reserve chan suficiente para actividades industriais incompatibles co medio residencial polas súas condicións e sitúese o máis afastado posible das zonas residenciais e urbanas.

En Padrón, a 19 de marzo de 2018

Dona Teresa Rey Pazos

SR. ALCALDE- PRESIDENTE DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE PADRÓN